

Augusto Assía: un xornalista viaxado

XOSÉ RAMÓN POUSA

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Felipe Fernández Armesto –*Augusto Assía*–, con máis de cincuenta anos de exercicio do xornalismo para o diario barcelonés *La Vanguardia*, é unha figura esencial para coñecer o século XX en Europa e representa un paradigma do xornalismo de opinión en España. Personalidade complexa, cunha evolución ideolóxica que vai desde o comunismo ortodoxo até o neoliberalismo, contou en primeira persoa, desde Berlín, Londres, Roma, Washintong e Bonn, os principais acontecementos do século XX: o nacemento do fascismo en Europa, a Segunda Guerra Mundial, o Xuízo de Nuremberg, o Tratado de Roma, a Guerra Fría... *Augusto Assía* é, por décadas, un dos xornalistas con maior pegada do panorama español. Elevou á categoría de xénero xornalístico as *cartas ao Director de La Vanguardia*. Aínda hoxe é un referente da crónica de correspondente no estranxeiro.

Palabras chave

Xornalismo de opinión, ideoloxías, profesión xornalística, xéneros informativos, crónica, crónica de correspondente no estranxeiro, historia do século XX.

En primeiro lugar, quero agradecer á Universidade da Coruña e á Fundación Vicente Risco o convite para estar presente neste foro e falar de Augusto Assía, o máis viaxeiro dos xornalistas galegos. Galicia, como punto de partida ou de chegada, foi sempre unha terra permeable e aberta a todo tipo de influencias cara a fóra e cara a dentro. Sen dúbida o noso protagonista, a través dos seus escritos na prensa, foi por décadas o gran canalizador do pensamento, costumes e sensacións extraídas do seu paso polo mundo ao que sempre ollou dende unha óptica galega.

Coñecín persoalmente a Augusto Assía a comezos de 1980, ao pouco de incorporarme á redacción de *La Voz de Galicia* como responsable da sección *Galicia*. Desde alí vivín en primeira liña as tensións que, mesmo antes de publicarse, producían algunhas das célebres «Cartas al director». Aínda que a relación coa redacción era case nula, posto que o xornal recibía directamente de *La Vanguardia* os textos das «Cartas», padecín persoalmente algúns incidentes, como o conflito producido tras o enterro do escritor Rafel Dieste, en outubro de 1981. Augusto Assía quixo facer ese día de improvisado cronista e transmitir unha crónica a viva voz que, segundo el, tiña que ser recollida por un taquígrafo, oficio desaparecido da plantilla do xornal desde había décadas. Nunha redacción aínda sen ordenadores nin gravadoras, ninguén conseguía reter a acelerada crónica dun Augusto Assía cada vez máis enfurecido. Finalmente, a astucia do subdirector Armando Fernández-Xesta que, posto ao teléfono, facía como se el mesmo tomase nota e repetía, ralentizando en voz alta as palabras do vello xornalista, para que o redactor tomase nota da apresurada crónica.

A relación con Augusto Assía, aínda que moi puntual, fíxose máis cordial co tempo e, a pesar das súas teimas anticomunistas e antinacionalistas e do seu conservadorismo neoliberal, na súa intensa e apaixonante conversa, un decatábase de que estaba ante unha testemuña privilexiada da historia moderna e ante un ilustrado con ideas avanzadas para o desenvolvemento de Galicia. Amosábase preocupado especialmente pola superación da negra situación do agro galego, afectado por problemas históricos de difícil arranxo e, naquel momento, pola xestación do que sería un mal tratado para Galicia da incorporación do Estado español a Unión Europa. Integración pola que o xornalista apostara desde a firma do Tratado de Roma.

De todas formas, máis que para contar anécdotas persoais, a miña intervención hoxe aquí vai tratar sobre a influencia da viaxe na obra xornalística de Augusto Assía, que é o autenticamente importante. Teño que dicir que este modesto achegamento ao xornalista ourensán e á súa obra non tería lugar de non ser polo encargo que hai pouco me fixo o Consello da Cultura Galega para o segundo volume de *Xornalistas con Opinión*, coordinado por Xosé López e Rosa Aneiros, recentemente editado polo Consello e a Editorial Galaxia.

1. Fernández Armesto: unha personalidade complexa

Non é fácil falar de Felipe Fernández Armesto, máis coñecido por Augusto Assía, un dos xornalistas galegos con maior proxección internacional e traxectoria profesional, que nunca deixou indiferentes os seus numerosos lectores. Aprezado por moitos, mais tamén detestado e odiado é, aínda hoxe, un dos personaxes máis enigmáticos do século XX en España, un século que viviu longa e intensamente. Fernández Armesto (1904-2002), foi unha figura senlleira que viviu e narrou os acontecementos máis importantes do século XX no mundo. Correspondente en Berlín, Bonn, Londres, Nova York e Washintong, a súa obra periodística abrangue máis de sesenta anos de historia, plasmada no xornal *La Vanguardia* de Barcelona, a cuxa plantilla pertenceu, mais tamén reflectida no *Ya* de Madrid, e, a partir dos anos cincuenta, en *La Voz de Galicia*, xornal co que tiña un fondo vencello por estar casado coa neta do fundador do periódico e copropietaria, a tamén xornalista e escritora María Victoria Fernández España.

En tempos de escurantismo político e férrea dictadura, as crónicas de Augusto Assía foron unha xanela aberta ao mundo. Nunha prensa española dominada polo autoritarismo franquista, ligado as posturas fascistas, Assía ventou dende moi cedo o triunfo aliado na Segunda Guerra Mundial e, tamén, como contrapunto ao que aquí acontecía, dende unha óptica moi persoal, narrou como funcionaban as institucións na Europa democrática e, desde a mesma aprobación do Tratado de Roma, que contou en directo, foi un dos postulantes da necesidade da Unión Europea.

Xa na transición democrática, e dende unha óptica próxima aos sectores máis conservadores, as súas «Cartas al director», nun estilo directo e conciso, reflectiron posicións ás veces extremistas, mais outras cheas de sentido común. Detrás do pseudónimo de Augusto Assía, estivo Felipe Fernández Armesto, un galego cunha personalidade complexa, gran formación cultural e unha evolución ideolóxica contraditoria que vai dende o comunismo ortodoxo ata o liberalismo máis conservador. A súa longa vida persoal –case 98 anos–, sobre a que hai moitas lagoas, daría para unha novela de aventuras, paixóns e intrigas, que poucos personaxes puideron vivir en primeira persoa.

Felipe Fernández García, apelido este último que substituiría nos seus primeiros escritos polo segundo da nai –Armesto–, naceu o primeiro de maio de 1904 no concello ourensán da Mezquita, fillo do farmacéutico local, Fermín Fernández, e de Ricarda García Armesto. Como dixen antes, a súa formación inicial transcorre nun Ourense moi distinto ao de hoxe. Aquel Ourense de comezos do século XX, vivía unha auténtica explosión cultural, con mestres tan ilustres como Cuevillas, Otero Pedrayo, Eugenio

Montes ou os irmáns Enríquez, ligados aos colexios «Ferrín» e «Fernández Cid», nos que Fernández Armesto cursa o bacharelato e se impregna daquela cidade ateneo de Galicia.

1.1.Compostela como punto de partida

Anos máis tarde, en 1924, trasládase a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras e descubrir na Compostela de principios dos anos vinte a súa vocación de escritor e xornalista. Nese momento, ábrele as portas aos seus primeiros traballos xornalísticos o periódico máis moderno e progresista –tanto en Galicia como aínda dentro do panorama español–, *El Pueblo Gallego*, de Portela Valladares, editado en Vigo e dirixido por Fernández Mato. Desde Compostela, Fernández Armesto escribe crónicas de sucesos cunha perspectiva social anovadora, que darán pé a unha colaboración semanal sobre a actividade universitaria en Galicia que como estudante activista coñecía de primeira man. Na historia do xornalismo esta será a primeira páxina de información universitaria da prensa galega.

As circunstancias eran favorables: a Universidade de Santiago culmina momentos de certo esplendor, como a mesma cidade, apadriñada durante décadas polo influínte persoeiro de corte caciquil Eugenio Montero Ríos, coa posta en marcha de modernas instalacións, como a nova Facultade de Medicina e a Escola de Veterinaria, as bases para a creación da primeira residencia universitaria, así como un proceso de transformación pedagóxica e de apertura á sociedade non exento de conflitos, nos que xoga un importante papel o primeiro movemento estudiantil. Este momento de renovación histórica, previo á II República, tan ben plasmado nas informacións elaboradas por Fernández Armesto para *El Pueblo Gallego*, moitas veces baixo o pseudónimo «Pipes», culminará a finais da década coa chegada ao reitorado do catedrático Alejandro Rodríguez Cadarso, que será o executor dunha das principais reformas emprendidas na Universidade galega no século XX (Fernández Prieto / Santos Pérez 2008: 25-42.)

Nesta etapa compostelá Fernández Armesto combina a vocación xornalística coa literaria. Sen estudos de xornalismo regrados especificamente no ensino superior e cunha universidade moi limitada en canto a titulacións, como moitos profesionais da época, a preparación do xornalista e do escritor pasaba por unha boa formación humanística, social e literaria que moitos atoparon na carreira de Filosofía e Letras e, claro está, pola práctica profesional. Con só 22 anos, en 1926, Felipe Fernández Armesto publica na colección *Lar*, dirixida por Leandro Carré Aldao e impresa por Anxel Casal, unha novela curta en galego titulada *Xelo, o salvaxe*. Trátase dun drama rural protagonizado por Xelo, un rapaz do extracto social máis baixo da aldea, sen pai coñecido,

mais cun certo perfil triunfador como líder obreiro, e a filla dunha familia fidalga. Os amores imposibles dos protagonistas, a tensión social e a aparición dunha terceira persoa que se interpón na parella, e tamén os ciúmes, levan a Xelo a cometer un brutal asasinato que bota por terra a relación amorosa. A propósito do libro, Rafael Dieste escribe unha crítica da novela en *El Pueblo Gallego* na que anuncia «por primera vez nos hallamos ante un verdadero escritor gallego» (Fernández Santander 2000: 12) Esta temperá vocación literaria de Fernández Armesto lévao a publicar na *Revista Nós* do 25 de xullo de 1926 o artigo «A castañeira de Santiago», extracto dunha novela na que andaba a traballar naquel momento e que non vería a luz.

1.2. Evolución ideolóxica: do PCE ao PP pasando pola Falanxe

Desde o punto de vista ideolóxico, a traxectoria de Felipe Fernández Armesto é complexa. Influenciado polas figuras máis dinámicas da Galicia de principios de século, sintoniza nos primeiros anos da súa vida coas teses galeguistas da xeración Nós, o que o leva a escribir literatura en galego e a apoiar as teses de autoafirmación galeguista expresadas por Otero Pedrayo ou o seu amigo Luís Tobío, personaxe de grande interese, co que coincidirá en momentos posteriores na cidade de Berlín. Nun segundo tempo ideolóxico, iniciado na súa etapa universitaria compostelá e madurado en Berlín, Fernández Armesto asume o marxismo e participa no fenómeno de compromiso político e social de gran parte da intelectualidade europea, da man dunha nova ética social e nun clima de gran politización da sociedade en torno as dúas grandes correntes forza: o fascismo e o comunismo.

A sintonía entre os intelectuais de Occidente e o marxismo durante este período foi importante para afondar e articular a súa enaxenación e o seu espírito crítico social. Neste sentido, a visión marxista do mundo ofreceu, tanto a Fernández Armesto como a outros intelectuais do momento, unha explicación coherente de todos os fenómenos que afectaban esa época: a depresión económica, o desemprego, a pobreza e o ascenso do nazismo.

A estadia en Berlín, nos tempos inmediatos ao estoupido fascista, foi clave na vida ideolóxica de Fernández Armesto e, tamén, para o nacemento de Augusto Assía como informador. Fernández Armesto chega a Berlín en 1929 como adxunto de lector de español do *Romanisches Seminar* da universidade, dirixido polo austríaco Ernst Gamillscheg, e instálase nunha habitación na Waitzstrasse, no barrio de Charlottenburg, que, segundo conta Lois Tobío na súa autobiografía, aluga a Frau Tornegg, unha xudía divorciada: «A casa de Frau Tornegg era aquecente e mesmo elegante segundo a moda e estilo de volta de século, con moitas fotos vellas enriba de cómodas e mesas, e cadriños nas paredes empapeladas, moita alfombra e moita cortina...» (Tobío 1994:

214). O *Romanisches Kaffee* será un dos puntos de encontro dos intelectuais en Berlín, especialmente de Fernández Armesto, López de Ayala e Lois Tobío que estableceron unha intensa relación.

Na súa autobiografía, *As décadas de T. L.*, Tobío conta a atmosfera que se respiraba na capital alemá e as impresións que neles provocou o seu contacto coa cultura europea, especialmente o cine de Eisenstein, a quen Armesto admiraba profundamente, a creación plástica de Georg Grosz, que recomendan a Luís Seoane, ou mesmo, a aproximación á vida nocturna que tamén viven con intensidade.

Felipe Fernández Armesto leva a Luís Tobío ao mitin comunista do primeiro de maio de 1930 en Unter den Linden, protagonizado polo orador Ernst Thaelman, xefe máximo do comunismo alemán, cun estilo, a xuízo de Tobío, seguido décadas despois por Fidel Castro en Cuba. A narración que Tobío fai deste acontecemento que queda gravado na súa memoria non ten desperdicio e fala da proximidade con que recibían o discurso anticapitalista e antifascista de moda naquel momento.

A militancia marxista de Fernández Armesto será intensa, mais non durará moitos anos. O xornalista ourensán pasarase pronto ao polo oposto e nunca asumirá publicamente esta fase militante da súa vida da que existen numerosas testemuñas, mesmo de personaxes históricos do comunismo español e internacional que nese momento tiveron unha relación directa co xornalista galego, como Santiago Álvarez, Enrique Líster ou o poeta Rafael Alberti. Tamén a recente historiografía do período soviético ratifica estas afirmacións: «Varios intelectuales y artistas españoles contribuyeron al desarrollo de las relaciones entre la Rusia soviética y España, pero merecen mención especial Rafael Alberti, María Teresa León y Felipe Fernández Armesto» (Kharitonova 2005: 42). A investigadora rusa dá amplía información das actividades do intelectual e xornalista galego:

La formación de la nueva sección nacional de la MORP española, también tiene su vínculo con la conferencia de Jarkov. Uno de sus participantes fue Felipe Fernández Armesto, español residente en Alemania durante aquellos años, que jugó un papel relevante en la promoción de la primera asociación de escritores revolucionarios en España (Kharitonova 2005: 64).

Segundo esta mesma fonte, Fernández Armesto ingresou no PCE en 1930 e foi expulsado en 1933. Asegura Kharitinova que o xornalista galego fundou a Unión de Artistas Revolucionarios de Madrid e dirixiu en 1932 a Unión de Artistas Revolucionarios de Cataluña.

Unha das publicacións promovidas por Augusto Assía, xunto a outros intelectuais españois, como Alberti, será a prestixiosa revista mensual *Octubre*. Unha persona á que coñecín moito, o pintor galego «Andrés Colombo», sobrenome de Andrés García de la Riva, de ideas trotskistas e enfrontado á ortodoxia comunista de Fernández Armesto, relata nun libro de memorias a pegada proselitista de Augusto Assía, nas súas esporádicas visitas a Santiago, sobre outros intelectuais da tertulia do Café Español, como Luís Seoane, Carlos Maside, Rafael Dieste, o escultor Eiroa, Pepe Camaño, Sixto Aguirre ou Luís Manteiga.

Por aquelas fechas llegó a Santiago, a la tertulia, un joven de afilados huesos, entonces era muy delgado, y con una precocidad que podríamos llamar cosmopolita nos situaba en nuestro provincialismo. Vivía en Berlín y era Felipe Fernández Armesto. Llevaba siempre debajo del brazo una revista de gran formato y a todo color, denominada *U.R.S.S.* Hablaba de los planes quinquenales rusos con la facilidad y fruición con que cualquiera se traga un helado en pleno verano. El tiempo nos fue «peneirando (...)» (García de la Riva 1983: 14-16).

A mesma historiadora rusa Kharitonova, da que falamos antes, cita un artigo do hispanista e traductor Fedor Kelin, redactado no verano de 1932, no que afirma que Augusto Assía «era un escritor español proletario» ao que sitúa como membro e dirixente do movemento estudantil na Universidade de Santiago. O soviético Fedor Kelin, tradutor das edicións rusas de boa parte dos escritores españois, como Ramón J. Sender, dá numerosas testemuñas da actividade proselitista de Fernández Armesto, incluída unha conferencia pronunciada no Ateneo de Madrid en 1931 sobre o tema: «Las literaturas proletarias y revolucionarias de la Unión Soviética y Alemania». Tamén tería participado na polémica aberta polo xornal madrileño *La Libertad* «Por qué en España no existe novela social», falando da necesidade de convocar o obreiro á literatura española e sería o instigador da conexión entre a Asociación de Artistas e Escritores e a dirección do Partido Comunista de España (Kharitonova 2005: 37).

De todas as formas a ruptura co PCE debeu ser traumática para Armesto. Segundo información de Alberti, nunha carta enviada a Kelin o 7 de xullo de 1933, «Armesto fue expulsado del Partido, pero afirmaba que se había dado de baja porque no podía pertenecer a un partido suicida». Entre finais de 1933 e 1936, un dos períodos máis delicados do Goberno da República, Fernández Armesto pasa dunha posición abertamente comunista, xusto, á posición contraria, facendo gala, a partir deste momento, dun acusado anticomunismo que manterá ata finais dos seus días. Tan pronto se produce o alzamento de Franco contra o Goberno republicano, *La Vanguardia* será incautada e o seu propietario, o Conde de Barcelona, con quen Assía sempre mantivo

unha boa relación, foxe a Marsella e ponse en contacto con Fernández Armesto que interrompe a súa colaboración co xornal catalán. Asinado co seu nome e apelidos, o 26 de xullo do 36, Armesto publica un artigo no *Sunday Times* londiniense no que prognostica a vitoria das tropas franquistas.

Felipe Fernández Armesto regresa a España para colaborar cos alzados a comezos de setembro e mantén unha reunión en Pamplona co xeneral Mola. É adscrito á sección de Prensa do Goberno de Burgos, rexida polo logo famoso espía catalán Juan Pujol, o mesmo que, anos máis tarde, enganou a Hitler, dándolle coordenadas falsas e convencédeo de que o desembarco de Normandía era unha manobra de distracción (Juárez 2004: 73).

Tras unha breve estadía na fronte asturiana, Augusto Assía é nomeado director técnico do xornal ourensán *Arco*, –de nome ben explícito–, aínda que a súa volta a Ourense será curta, xa que poucos meses máis adiante, faise cargo de *La Nueva España* de San Sebastián. Tras a toma da capital catalá e, unha vez devolta *La Vanguardia* ao Conde de Barcelona, Augusto Assía incorpórase ao xornal no que permanece ata comezos da Segunda Guerra Mundial. Nesta etapa barcelonesa, aínda que non ocupa postos de dirección no xornal catalán, Assía é a persoa de confianza do propietario. Son moitos os rumores que falan da implicación de Fernández Armesto na sorprendente fuxida do que fora o seu amigo e editor Portela Valladares que, tras ser o primeiro presidente da Generalitat en funcións, desaparece misteriosamente da cidade tras unha intensa persecución franquista.

Co inicio da Segunda Guerra Mundial. Augusto Assía regresa a Londres como correspondente. O propio Juárez, no libro citado afirma que:

Felipe Fernández Armesto se convirtió entre 1939 y 1945 en la persona mejor relacionada con la colonia española en Londres, [...] un artículo suyo publicado días antes del Desembarco pronosticaba que la ofensiva se produciría en el paso de Calais [...] justo la tesis usada por el servicio secreto inglés y Pujol para intoxicar a Abwher (Juárez 2004: 78).

Felipe Fernández Armesto definírase ao longo da súa vida como xornalista liberal e independente. Pese á súa vinculación activa cos gañadores da guerra civil, marcará diferenzas moi notables, sobre todo en política internacional, na necesidade de normalizar a vida democrática, defendendo, en momentos difíciles, a legalización de todos os partidos, incluído o comunista, e apostando por un estado pluricultural descentralizado no que tivesen cabida todos os idiomas peninsulares. Claro que a maior

parte dos lectores son os cataláns que leen maioritariamente *La Vanguardia*. Coa chegada da transición, mentres a súa muller, María Victoria Fernández España, se integra na Alianza Popular de Fraga Iribarne, xerme do futuro Partido Popular, Augusto Assía apoia nos primeiros momentos activamente a Adolfo Suárez, ao seu amigo Eulogio Gómez Franqueira e á UCD, mais chegou a figurar no borrador da lista ourensá de Alianza Popular ás primeiras eleccións democráticas, retirándose da lista no último momento, asegurando anos máis tarde que «no era compatible la libertad de escribir con la pertenencia a una formación política» (Cruz 1980).

Desde finais dos setenta, establecido na Casa Grande de Xanceda, ao fronte dunha das maiores explotacións gandeiras de Galicia que el mesmo crea no concello de Mesía, Augusto Assía emprende unha furibunda campaña contra o emerxente mundo do nacionalismo galego, especialmente contra o sindicato agrario Comisións Labregas e o BNPG, chegando a criminalizalo e relacionalo directamente co terrorismo e a queima de montes. Tres «Cartas al director», publicadas en *La Voz de Galicia* o 2 de setembro e o 7 e 9 de outubro de 1981, con durísimas acusacións neste sentido, chegaron aos tribunais. Nesta última etapa, Felipe Fernández Armesto, reconcíliase no plano persoal –no político semella non ter diferenzas– con Fraga Iribarne, un dos seus frustradores dende o Ministerio do Interior franquista, quen a raíz dun artigo en defensa do galego lle impuxera unha dura sanción económica a *La Voz de Galicia* e, tempo atrás, lle impedira ser director de *La Vanguardia*, ao negarlle o carné de prensa. Assía apoia o galeguismo moderado de Fernández Albor, sendo un dos máis activos e duros acusadores do entón vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro Rivas e, máis tarde, do goberno tripartito ao que daría paso a moción de censura contra o goberno conservador de Albor. O seu retiro definitivo do exercicio xornalístico, próximo xa aos 90 anos, coincide coa elección de Fraga como presidente da Xunta.

2. Densa vida profesional

2.1. A etapa berlinesa

Fernández Armesto renuncia, en 1927, a unha oferta que lle fai o propio Portela Valladares para dirixir o xornal que acaba de abandonar Fernández Mazas, por considerarse demasiado novo para asumir tal responsabilidade. Un ano despois, coa carreira xa rematada, e tras unha breve estadía na Sorbona de París, consegue unha bolsa para asistir como lector á Universidade Humboldt de Berlín. Desde esta cidade alemá continúa as súas colaboracións con *El Pueblo Gallego* e inicia unha serie de colaboracións xornalísticas ocasionais en diferentes medios diarios como *Informaciones*, *ABC*,

El Sol, na revista *Nueva España* e nos boletíns *El Eco de Galicia* e *Cultura Gallega*, editados pola colectividade galega na Habana. Dous anos despois, no verán de 1929, o xornalista galego aparece de forma estable no xornal barcelonés *La Vanguardia*, asinando as súas crónicas co nome de Augusto Assía, tomado dunha personaxe literaria de Tolstoi, empeñado en desmentir as falsidades propagadas por Marco Polo no seu *Libro das Marabillas*. Durante uns meses, Augusto Assía, substitúe o correspondente do xornal barcelonés ata que, pasado o verán, entra a formar parte da plantilla de *La Vanguardia* e asume o papel de correspondente en Berlín, vivindo e narrando como testemuña directa os feitos a ascensión do nazismo ao poder.

Fernández Armesto forma parte da tribo dos correspondentes internacionais que se movían por centro Europa seguindo os acontecementos informativos. Comparten tertulias de café, conviven cos personaxes históricos e viven situacións como a ocorrida en Bruxelas onde estaban sentados Ramón Franco e Francesc Macià e que relata Carmen Díaz:

En la terraza Rembrant, rodeados de periodistas y curiosos, de pronto se presentó ante Ramón un judío, vestido a la usanza típica, con abrigo y sombrero negro, su trenza y su barba. El judío empezó a hablar con Ramón, que no entendía una palabra y la escena empezó a ser fotografiada por los periodistas. El periodista español Augusto Assía explicó a Ramón Franco que el judío le hablaba en yidish. Ramón se indignó, su ascendencia sefardí le había puesto de manifiesto, ya que el judío había creído reconocer a uno de sus hermanos en el perfil de Ramón, a quien nunca había visto y no sabía quien era. Sólo faltaba ahora que le relacionaran con el sionismo, causa por la que ya entonces comenzaban a aparecer nubes de tormenta en el horizonte (Díaz / Silva 1981: 47).

Felipe Fernández Armesto intégrase na vida da cidade como un berlinés máis e, mesmo no plano social, mantén relacións estables cunha berlinesa de orixe xudeu que, no verán de 1932, chegará a viaxar con el a Galicia (Celeiro 1978). En abril de 1933, cinco anos despois da súa chegada a Berlín, Felipe Fernández Armesto é expulsado de Alemaña polo goberno nazi, xunto aos correspondentes de *El Debate* e do *Chicago Tribune*, tras unha crónica na que informaba do asasinato dun grupo de sacerdotes en Koenisberg.

2.2. Correspondente en Londres

Despois dunha breve recalada en España, Felipe Fernández Armesto acepta a encomenda de trasladarse a Londres como correspondente volante para Europa Occidental. Desde distintos puntos de Europa envía a *La Vanguardia* substanciosas cróni-

cas sobre acontecementos de alcance mundial, como a assemblea xeral da Sociedade de Nacións en Xenebra, o asasinato en Austria do canciller Dullfuss, ou a caída da monarquía grega, sen esquecer a visión que desde Europa se está a dar da evolución do nazismo en Alemaña, tema constante na súa obra xornalística, que se estende a longo da II Grande Guerra ata o xuízo de Nuremberg, que el mesmo terá a oportunidade de cubrir informativamente desde a mesma sala do tribunal, dentro dun grupo xornalístico moi reducido.

A Guerra Civil, desatada en España o 18 de xullo de 1936, vai supoñer un alto na súa vinculación con *La Vanguardia*, mais non na súa función xornalística que retoma con responsabilidades directivas no xornal ourensán *Arco* e en *La Nueva España* de San Sebastián, froito do seu desexo de contribuír ao triunfo franquista. Isto acontece, mentres os tres irmáns seus, Fermín, como oficial médico, Ricardo, como xurista, e Nina, farmacéutica, posiciónanse ao lado do Goberno legal tomando parte activa na fronte republicana. Ricardo foi fusilado en Paterna, en 1939 e Nina tomou o camiño do exilio mexicano co seu marido e alto dirixente do Ministerio de Sanidade, José Barón. (Fernández Santander 2000: 14).

Novamente como correspondente de *La Vanguardia*, Augusto Assía, instálase en Londres o mesmo día en que comeza a Segunda Guerra Mundial, establecendo lazos directos co goberno británico, especialmente con Winston Churchill, e apoiando claramente nas súas colaboracións o triunfo aliado, a través de intensas crónicas diarias nas que describe e analiza os movementos que se producen no mapa europeo. Tanto que o propio Serrano Suñer, a través do Duque de Alba, embaixador en Londres, chega a ameazalo coa perda da nacionalidade española, o que provoca a resposta irónica do xornalista: «No importa, con tal de que me conserve la gallega» (Fernández Santander 2000: 15). As crónicas de Assía, reproducidas a partires de 1940 polo xornal madrileño *Ya*, e a partir de 1948 por *La Voz de Galicia*, poñen en cuestión a política de Franco e crean problemas continuos entre o xornal catalán e o réxime, dando lugar a moitos rumores que colocan, de novo a Assía, na esfera da espionaxe anglófila, sobre todo cando recibe do secretario do Foreign Office, Ernest Bevin a *Kings Medal*, unha das máximas condecoracións británicas: «De no haber sido por el Duque de Alba, Augusto Assía y el almirante Canaris, Franco hubiera podido terminar sentado o colgado en Nuremberg» (Adillon 2005: 23).

Finalizada a Guerra, son especialmente interesantes os seus relatos como enviado especial ao xuízo de Nuremberg. Aínda que *La Vanguardia* será sempre a súa casa que, mediante acordos co *Ya* e *La Voz de Galicia*, vende as súas crónicas, Augusto Assía obterá permiso para colaborar esporádicamente na revista *Destino*, publicación

catalá de orixe falanxista, cunha evolución cara a posicións avanzadas e grande influencia, na que colaboran importantes escritores, como Alvaro Cunqueiro, Josep Plá ou Dionisio Ridruejo.

2.3. O mundo desde Estados Unidos

O remate da II Guerra Mundial, e o papel que tras a victoria asumen os Estados Unidos, fan de Washintong e Nova York o centro do mundo, dous polos de información que interesan especialmente a *La Vanguardia* e posibilitan a instalación de Augusto Assía alí durante unha longa estadía que se prolongará de 1951 a 1955. Antes de instalarse en América, en 1949, Augusto Assía recorre o mundo e escribe para *La Vanguardia* unha interesante serie xornalística que se prolonga varios meses titulada «*La Vuelta al Mundo*» na que narra as súas experiencias por varios continentes, especialmente polos países de Oriente.

No verán de 1950 Augusto Assía contrae matrimonio na Coruña coa escritora e xornalista María Victoria Fernández España, neta do fundador do xornal *La Voz de Galicia* e copropietaria do mesmo, sobre o que Augusto Assía manterá ao longo da súa vida unha grande influencia, mesmo, dende 1951, como membro do consello de administración do xornal. Curiosamente, ao comenzo da Guerra Civil, en Outubro do 36, Felipe Fernández Armesto fixera de intermediario da Editorial Católica, dona do xornal da competencia *El Ideal Gallego*, para intentar comprarlle o xornal á familia propietaria. Cousa que non prosperou (Fernández Santander 1994: I, 287-288).

Nesta etapa centra a súa atención preferente na visión que se ten de España desde os Estados Unidos, orientando claramente as súas crónicas para tratar de influír en favor dos pactos entre Estados Unidos e España, algo que considera absolutamente necesario para a introdución do réxime no denominado «mundo libre» e que se producirán en 1953. Por esta etapa a implicación de Augusto Assía e a Embaixada de España en Washintong é tal que o xornalista mesmo asume funcións de agregado de prensa da embaixada. En 1954 mesmo postula unha visita de Franco a Estados Unidos, invitado polo presidente americano, que non se chegaría a producir. Esta incursión de Assía en asuntos diplomáticos alimentou a lenda da súa implicación na espionaxe, tan usual naqueles tempos, que nunca ninguén chegou a demostrar.

Desde Washintong, Augusto Assía, con crónicas moitas veces de contido social e de hábitos de vida, proxectará a visión máis amábel da sociedade capitalista emerxente nos Estados Unidos grazas á política liberal que a considera o modelo a imitar por unha Europa empobrecida pola guerra e ameazada polas ideoloxías non democráticas que Augusto Assía combate, obviando, claro está, o caso español.

En febreiro de 1956 Augusto Assía deixa Estados Unidos e instálase, ata mediados os anos sesenta, como correspondente de *La Vanguardia* na nova capital alemá, Bonn, desde onde é testemuña dos inicios do chamado «milagre alemán» que permite a recuperación económica do país máis fundido e embargado de Europa. Desde alí cobre acontecementos tan importantes como a firma do Tratado de Roma, que dará pé ao nacemento do Mercado Común Europeo, defendendo esta alianza político e económica do que será a Unión Europea. Son interesantes a este respecto unha serie de artigos publicada en *La Voz de Galicia*, a mediados de agosto de 1960 sobre «Galicia ante la encrucijada europea» nos que, tras desmentir os tópicos de sempre, di que:

Galicia se parece demasiado a Europa para que pueda ser clasificada como unos cuantos tópicos o símbolos. La gaita, a la que algunos han querido agarrarse para citar a Galicia, se toca también en Escocia y en Irlanda; la lluvia y la brétema es un producto de toda Europa; el tojo florece en Baviera y Gales, más aún que en Galicia; la muiñeira se baila en Escocia; cruceros los hay en Bretaña; emigrantes, en Italia e Irlanda, donde también hay tradición. Afiladores los hay en Cornualles (Fernández Santander 1994: II, 95).

2.4. Un cronista excepcional

A crónica, nun sentido amplo, é o xénero periodístico en que mellor se move Augusto Assía ao longo da súa vida profesional para contar en modo breve o acontecer político e cotián da Europa sumida pola Guerra, a posguerra europea e, máis adiante, a visión do mundo desde a atalaia americana. Crónica política, de guerra, de acontecemento, de contido social, enchen décadas de actividade xornalística de Felipe Fernández Armesto.

A crónica é un xénero literario anterior ao mesmo xornalismo no que se conta de xeito cronolóxico os feitos acontecidos nun determinado lugar. Son crónicas *A guerra das Galias* de Xulio César ou a *Crónica de España* de Afonso X O Sabio, o cal non quita que a crónica periodística sexa un dos xéneros sagrados do xornalismo. Son sesgos definitivos na crónica periodística a interpretación e valoración dos feitos que nela se narran. O que distingue a verdadeira crónica é precisamente o elemento persoal que se advirte, primeiro porque vai asinada polo autor e, en aseguno lugar, porque o escritor comenta, amplía e ordena os feitos á súa maneira. Trátase, segundo un clásico da teoría xornalística, «de informar comentando o de comentar informando» (Martín Vivaldi 1973: 127).

Desde o punto de vista formal, o estilo da crónica xornalística ten que ser claro, sinxelo, conciso. A comparación, a metáfora, a ironía, o paradoxo, a hipérbole, sempre dentro

dunha norma de claridade periodística, son notas dominantes deste estilo literario dominado á perfección por Augusto Assía. Non valen na crónica nin o escurantismo expresivo, nin o retorcemento estilístico, nin a imprecisión, nin a vaguidade, nin a vana verborrea, nin a complicación conceptual (Martín Vivaldi 1973: 133).

Toda crónica ten un sentido e entraña unha significación, posto que se escribe de algo, por algo e para algo. En realidade o que fai o xornalista é narrar un suceso e procurar descubrir o seu valor. Para isto, como acontece no caso do xornalista ourensán, o profesional ten que ter unha clara visión dos feitos que conta e a bagaxe intelectual necesaria para aportar luz aos lectores sobre o alcance da actualidade. Desde o punto de vista do enfoque, as crónicas de Augusto Assía, son metade impresionistas e metade expresionistas. Impresionistas porque dan conta case de forma fotográfica do impacto que lle producen os acontecementos. Neste sentido son paradigmáticas as que aluden aos bombardeos da aviación nazi sobre Londres ou á atmosfera da sala do xuízo de Nuremberg. Mais tamén son expresionistas porque, ao mesmo tempo, nos dá unha versión mentalmente reelaborada dos feitos.

Augusto Assía é sempre o suxeito protagonista dos feitos que vive, conta e interpreta para os seus lectores, que seguramente o elixen pola sinatura, porque sintonizan coa súa visión do mundo. Está claro que na actividade diaria do correspondente non sempre acontecen noticias de alcance, por iso os cronistas escriben moitas veces de feitos intrascendentes. Na extensísima obra xornalística de Assía, con presenza moitas veces diaria ao longo de décadas, mestúrase maxistralmente a noticia de alcance coa narración da vida cotiá. Revisando as súas crónicas atopamos pezas extraordinarias de como viven os ingleses, os americanos, os indios, os chineses ou os xaponeses. Como evolucionan as vestimentas ou os costumes das mulleres e, sempre, atoparemos referencias aos galegos que atopa polo mundo e á súa inserción en México, Alemaña ou Estados Unidos.

O xornalista de *La Vanguardia*, como todo bo cronista, sempre tivo claro o propósito de informar e orientar procurando que o lector non só aprenda, senón que saboree esa aprendizaxe, deleitándose na lectura. Para iso, Augusto Assía impuxo a súa técnica xornalística, o seu modo persoal de facer. Sendo claro, denso, conciso e transparente. Utilizando frases curtas e parágrafos non demasiado extensos, ordenados en grupos naturais de ideas que faciliten a súa decodificación polo lector. Hai que ter en conta a ausencia de medios materiais de transmisión gráfica que obrigaron a Augusto Assía a ditar as súas crónicas, ben por teléfono ou por radio de onda curta, ao nutrido corpo de taquígrafos que por aquel tempo figuraban no corpo laboral dos xornais, especialmente de *La Vanguardia*, aínda hoxe o xornal español con maior cobertura internacional.

2.5. Autor de libros

Mostra do interese das súas crónicas xornalísticas, e do carácter atemporal de moitas delas, é que as súas series, agrupadas, por países, biografías ou viaxes, acabaron sendo publicadas en forma de libro, moitas veces reeditados e, nalgúns casos, traducidos ao inglés e portugués. As mellores crónicas da Segunda Guerra Mundial atópanse en dous libros, publicados en Barcelona en 1946 e 1947, titulados *Cuando yunque, yunque* e *Cuando martillo, martillo. Los ingleses en su isla*, publicado en 1943 y *Vidas inglesas*, en 1944, recollen a súa visión do pobo británico, o primeiro, e unha interesante selección de biografías de personaxes británicas, entre elas o seu «amigo» Whinston Churchill. *Los Yanquis*, ofrece unha visión de cómo viven e pensan os americanos da posguerra.

2.6. Tamén na radio: un programa en galego dende Londres

Desde o punto de vista xornalístico, é interesante a participación de Augusto Assía na experiencia levada a cabo dende Londres pola BBC, entre os anos 1947 e 1956, para poñer en antena, en idioma galego, as voces de Galicia, nun momento en que a cultura e o idioma pasaban momentos de extrema represión. «Galicia desde Londres» será a primeira emisión radiofónica estable en idioma galego en Europa e nela participaron dúas de intelectuais galegos (De Toro 1994).

As emisións galegas da BBC comezan o 23 de xaneiro de 1947 e a primeira intervención de Felipe Fernández Armesto prodúcese o 14 de abril dese ano, cun guión sobre as «Relacións culturais en Inglaterra e Galiza». O 24 de xullo dese ano intervén novamente con outro programa sobre «As peregrinacións a Compostela e a cultura galega». Assía non volverá a intervir no *Galician Programme* da BBC que proseguirá ao longo de nove anos, coa activa participación de Plácido Castro, outro gran xornalista galego radicado en Londres.

2.7. As «Cartas ao director»

De regreso a España e instalado en Madrid, primeiro aínda na plantilla do xornal *La Vanguardia* e, finalmente, como colaborador, Augusto Assía dálle a volta o xénero participativo clásico do xornalismo escrito –as cartas dos lectores– establecendo unha ata o momento nada habitual forma de participación profesional no produto xornalístico, a «carta ao director», na que o xornalista, neste caso retirado, asume a función de lector, case sempre agraviado polos acontecementos da vida, e se dirixe ao director do medio para contarlle en primeira persoa a súa visión dos feitos acontecidos.

As cartas de Augusto Assía teñen agora unha extensión máis breve –unha columna de texto– que as súas crónicas, mais achegan a mesma visión do mundo que caracterizou sempre o xornalista galego, tratando de implicar o lector, neste caso a través do seu representante, o director do xornal, na toma dunha decisión que resolva a cuestión. As cartas ao director parten dunha exposición inicial do problema, a explicación do mesmo e, finalmente, a proposta dun remedio.

Augusto Assía explica claramente como nacen as «Cartas al director» nunha entrevista concedida ao escritor e redactor de *El País*, Juan Cruz en 1980, con motivo de cumprirse os seus 50 anos como xornalista:

Quando volví a España –recuerda Augusto Assía–, después de mi interminable estancia como corresponsal en el extranjero, hallé que Fraga había hecho una ley de Prensa que abría bastantes posibilidades a los escritores, aunque subsistían viejos prejuicios y recelos sobre cosas que aún no podían decirse. Entonces surgieron las cartas al director. Usé la fórmula por primera vez cuando observé en la central de Correos, de Madrid, cómo unas vendedoras maltrataban a una súbdita portuguesa. Indignado, le escribí una carta al director de *La Vanguardia*; aquella carta se publicó, tuvo bastante éxito, las funcionarias fueron trasladadas y, además, comenzó a acicalarse el aspecto, entonces sucio de aquella oficina postal. Después no he tenido ningún éxito, pero yo he seguido escribiendo las cartas (Cruz 1980).

A vida municipal e os costumes das xentes eran para Augusto Assía os principais motivos para a crítica nas súas «cartas al director», sección que mantivo diariamente ao longo de dúas décadas en *La Vanguardia*, sendo reproducidas ao día seguinte no diario *Ya*, ata que este deixou de pertencer á Conferencia Episcopal, e en *La Voz de Galicia*.

Referencias bibliográficas

Adillon i Baucells, M. (2005): *Hendaya, una patraña del franquismo* (ed. dixital da Fundación Andreu Nin). Disponível en <http://www.fundanin.org/adillon3.htm>

Celeiro, L. (1979): «Carta aberta a Augusto Assía: Nin tan sincero e menos independente», *A Nosa Terra* 51, 23/II/1979.

Cruz, J. (1980): «Augusto Assía, cincuenta años de periodismo», *El País*, 25/1/1980.

- Díaz, C. / Silva, J. A. (1981): *Mi vida con Ramón Franco* (Barcelona: Planeta).
- De Toro Santos, A. R. (1994): *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC de Londres* (Santiago: Xunta de Galicia).
- Fernández Armesto, F. (1926): *Xelo o Salvaxe*. (A Coruña: Lar).
- Fernández Armesto, F. (1944): *Vidas inglesas* (Barcelona: Aymá).
- Fernández Armesto, F. (1944): *Los ingleses en su isla* (Barcelona: Mercedes).
- Fernández Armesto, F. (1946): *Cuando yunque, yunque* (Barcelona: Mercedes).
- Fernández Armesto, F. (1947): *Cuando martillo, martillo* (Barcelona: Mercedes).
- Fernández Prieto, L / Santos Pérez, A. (2008): «Rodríguez Cadarso: institucionalismo, galeguismo e República na Universidade de Santiago» en Bermejo Patiño, M. R. (coord.), *Rodríguez Cadarso. Un reitor para un país, 25-42* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernández Santander, C. (1994): «*La Voz de Galicia*». *Crónica de un periódico (1982-1992)*, Vols. I e II (Sada: Edicións do Castro).
- Fernández Santander, C. (2000): «Augusto Assía: Semblanza de un periodista universal» en Assía, A., *Artículos*, 11-19 (A Coruña: La Voz de Galicia.).
- García de la Riva, A. (1983): *Andrés Colombo* (Sada-A Coruña: Edicións do Castro).
- Juárez, J. (2004): *Juan Pujol, el espía que derribó a Hitler* (Madrid: Temas de Hoy).
- Kharitonova, N. (2005): *La internacional comunista, la MORP y el movimiento de artistas revolucionarios españoles (1931-1934)*, IEE Documento 37 (Louvain: Ed. Catolique de Louvain).
- Martín Vivaldi, G. (1973): *Géneros Periodísticos* (Madrid: Paraninfo).
- Tobío, L. (1994): *As Décadas de T. L.* (Sada- A Coruña: Edicións do Castro).